



Actualizado a 08/07/2021

RECOMENDACIÓN E MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN NON FORMAL, OCIO EDUCATIVO E TEMPO LIBRE ADAPTADAS Á SITUACIÓN DE COVID-19

1. INTRODUCCIÓN XERAL

O 31 de decembro de 2019 as Autoridades da República Popular China, comunicaron á OMS varios casos de pneumonía de etiología descoñecida en Wuhan, unha cidade situada na provincia chinesa de Hubei. Unha semana máis tarde confirmaron que se trataba dun novo coronavirus que foi denominado SARS- CoV-2. Do mesmo xeito que outros da familia dos coronavirus, este virus causa diversas manifestacións clínicas englobadas baixo o termo COVID-19, que inclúen cadros respiratorios que varían desde o arrefriado común ata cadros de pneumonía grave con síndrome de distrés respiratorio, shock séptico e fallo multiorgánico. Sen embargo, aproximadamente o 80% dos casos de COVID-19 notificados ata o momento son cadros leves. Ao tratarse dunha enfermidade transmisible débense extremar as medidas de precaución.

Coa información dispoñible ata o momento, o mecanismo principal de transmisión é por gotas respiratorias maiores de 5 micras (Pflügge), que non permanecen suspendidas no aire e depositante a menos de 1 ou 2 metros, por contacto directo das mucosas con secrecións, ou con material contaminado por estas, que



poden transportarse en mans ou obxectos (similar á gripe). É probable unha transmisión por superficies infectadas e describiuse a transmisión relacionada coa asistencia sanitaria, especialmente aos traballadores.

Ata onde coñecemos, o SARS- CoV-2 afecta de forma máis grave a maiores de 65 anos con patoloxía cardiovascular previa (sobre todo hipertensión e insuficiencia cardíaca) e en menor medida con patoloxía respiratoria crónica e diabetes. A letalidade aumenta coa idade. Os datos dispoñibles en China revelan que a mortalidade na franxa de idade entre 60-69 anos é de 3,6%, entre 70-79 anos é do 8% e a mortalidade nos maiores de 80 é do 14,8%.

OBXECTIVOS

Pese á situación sanitaria derivada da Covid-19, en 2020 realizáronse con éxito diversas actividades de ocio educativo e tempo libre, postas en marcha tanto polas administracións públicas como por entidades do sector privado, polo que neste 2021, e tomando como experiencia o xa feito, cómpre actualizar este documento seguindo os mesmos obxectivos:

- Ofrecer pautas para a adaptación das actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre ao escenario provocado pola afectación do COVID-19.
- Favorecer o coñecemento e correcta aplicación das medidas hixiénico-sanitarias tanto nas instalacións, como no persoal, equipo de monitorado e persoas participantes en cada actividade.



- Establecer un protocolo de actuación que permita dar unha resposta ante a sospeita dun posible caso infeccioso por COVID-19.

2. O OCIO EDUCATIVO E O TEMPO LIBRE

Galicia é un referente nas actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre que se programan, de xeito maioritario, durante os meses de verán. A maiores da Campaña de verán¹ que todos os anos programa a Xunta de Galicia, diferentes entidades, asociacións e empresas do sector, así como outras administracións, programan centos de actividades ao longo do noso territorio co obxectivo de ofrecer un recurso de educación no tempo libre para os nenos/as e mozos/as, e de conciliación para as familias galegas.

No contexto actual cómpre realizar actividades adaptadas e extremando as precaucións e normas hixiénico-sanitarias, con actividades en grupos máis reducidos que garantan certo distanciamento social, pero sen perder nunca o carácter educativo, interactivo e de participación polo que se caracterizan.

O Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, recolle os seguintes tipos de instalacións xuvenís:

a) Albergues xuvenís: enténdese por albergue xuvenil toda instalación fixa que permanente ou temporalmente se destine a facilitarlle á mocidade aloxamento,

¹ As actividades da Campaña de Verán da Xunta de Galicia son obxecto dun protocolo específico

como lugar de paso nos seus desprazamentos ou como marco dunha actividade de tempo libre.

b) Campamentos xuvenís: son instalacións ó aire libre dotadas duns equipamentos básicos fixos, nas que as pernoitas se realizan en tendas de campaña, caravanas, albergues móbiles ou calquera outro elemento facilmente transportable, e destinadas á realización de estadias con grupos de nenos e mozos para o desenvolvemento de actividades de lecer ó aire libre.

c) Granxas escolas ou aulas de natureza: son instalacións que, cumprindo os requisitos esixidos para albergues ou campamentos xuvenís, ofrecen equipamentos suficientes e adecuados para o traballo didáctico no tempo libre en técnicas agrarias e gandeiras, ou no recoñecemento do medio natural e na educación ambiental.

d) Residencias xuvenís: son instalacións de carácter cultural e formativo postas ó servizo dos mozos que por razóns de estudo ou traballo se ven obrigados a permanecer fóra do seu domicilio familiar.

Así mesmo, tamén se especifica que as actividades de aire libre, para os efectos do citado decreto, son:

a) Acampada: aquelas actividades nas que participe xente nova de ata 30 anos en número superior a 9, que non teñan carácter familiar, inclúan na súa duración un mínimo de 3 noites consecutivas e impliquen asentamentos humanos

temporais nos que a pernoita se realice en tendas de campaña, caravanas, albergues móbiles ou calquera outro elemento facilmente transportable.

b) Marchas volantes ou rutas: aquelas actividades itinerantes nas que, de acordo co contido do parágrafo anterior, a pernoita se realice en lugares diferentes.

c) Campos de voluntariado: aquelas actividades que se desenvolven de acordo cun programa de traballo de carácter social e de interese xeral, sen ánimo de lucro, e na que os seus participantes sexan voluntarios.

Cómpre destacar que as actividades de tempo libre foron mudando e ampliándose ao longo de todos estes anos, polo que certas realidades (todas aquelas actividades sen pernoita, por exemplo) aínda non están recollidas na normativa. Por tanto, **as recomendacións, pautas e medidas do presente documento serán de aplicación para as actividades contempladas no dito Decreto**, e pretenden tamén servir de orientación para aquelas outras iniciativas vinculadas ao sector do ocio educativo e do tempo libre.

Especial mención merecen as Escolas de Tempo Libre. En Galicia contamos con 85 escolas censadas, autorizadas para impartir os cursos de monitor e director de actividades no eido do tempo libre, así como cursos de director de campo de traballo, e que tamén deberán adaptar a súa actividade ás medidas de prevención específicas que estableza a normativa sanitaria vixente en cada momento.

3. RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA AS ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN NON FORMAL, OCIO EDUCATIVO E TEMPO LIBRE

3.1. Compromiso conxunto

A realización de actividades do sector da educación non formal, o ocio educativo e o tempo libre deberá adaptarse ás recomendacións e medidas de prevención e seguridade que diten as autoridades sanitarias competentes. A maiores disto, é preciso establecer un compromiso conxunto entre os organizadores da propia actividade (sexa cal sexa a súa natureza), as familias e os propios participantes para que o desenvolvemento das actividades se poida realizar coas máximas garantías posibles.

Deste xeito, non poderán participar nestas actividades as persoas que se atopen na seguinte situación, que será aplicable tanto para o equipo técnico das actividades (sexan contratados ou persoas voluntarias), así como para os nenos/as e mozos/as participantes:

- Aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19.
- Aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e non finalizasen o período de illamento.
- Aquelas que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, planta 0
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 54 00



Por outra banda, aqueles participantes que presenten condicións de saúde que lles fan máis vulnerables para a COVID-19, poderán tomar parte na actividade, sempre que a súa condición clínica estea controlada e llo permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa.

Recoméndase, así mesmo, comunicar de forma previa ás familias ou responsables dos/as participantes, a recomendación de limitar contactos e actividades de risco de COVID-19 nos 10 días previos á realización do campamento que inclúa pernoita.

3.1.1. Declaración responsable

As persoas dos equipos técnicos, así como as persoas participantes en calquera actividade (ou no seu caso nai/pai ou titor legal se se trata dunha persoa menor de idade) deberán presentar, antes do comezo da actividade, unha declaración responsable, que recollerá, cando menos, os seguintes puntos:

- a) Condicións de saúde da persoa participante, na que se acredite non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, e nomeadamente que non se atopa en ningún dos supostos enumerados no apartado anterior que dan lugar á non admisión na actividade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, planta 0
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 54 00



b) En todo caso, e para un maior coñecemento e seguridade da propia organización, así como de todas as familias, tamén será preciso cubrir un documento de aceptación das condicións de participación.

c) Aceptación de notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado á COVID-19 durante o transcurso da actividade.

d) Nos campamentos con pernoita, poñerán tamén a disposición dos interesados un documento de declaración responsable no que se asuma o compromiso de recollida da actividade no caso de ter síntomas ou precisar corentena por contacto estreito. Inclúirase, cando sexa preciso, o compromiso de traslado desde outra comunidade autónoma á de orixe de maneira segura cando a actividade teña lugar noutra diferente, así como o compromiso de desprazamento para acompañamento do/a participante durante a corentena ou illamento se non puidese trasladarse ao seu lugar de orixe de maneira segura.

e) Solicitarase tamén aos interesados o consentimento para a realización dunha PDIA (Proba diagnóstica de Infección Activa) en caso de indicación por parte das autoridades sanitarias, no caso de actividades con pernoita.



3.1.2. Actuación ante a sospeita dun posible caso de COVID-19

A entidade organizadora dispoñerá dun procedemento de manexo de casos e contactos que debe ser coherente cos recursos e procedementos establecidos no ámbito territorial concreto no que se desenvolva esa actividade de tempo libre infantil e xuvenil. O procedemento debe incluír tanto a participantes como a persoas traballadoras/monitoras, e debe estar dispoñible para as autoridades de Saúde Pública da comunidade autónoma onde teña lugar a actividade, se así o requiren.

En cada actividade nomearase unha persoa responsable ou coordinadora COVID19, que será a responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento. Esta será a encargada de contactar coa Xefatura Territorial de Sanidade correspondente se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste.

Existirá un rexistro adecuado das persoas que forman os subgrupos, así como os grupos de pernoita, se os houberse, permitindo, ante un posible caso, a trazabilidade e adopción temperá de medidas nos contactos estreitos.

Ante a manifestación de síntomas relacionados coa COVID-19 por parte dos nenos/as participantes, será necesario que comuniquen esta circunstancia canto antes ao monitor encargado da actividade, que será o encargado de poñer en marcha, xunto coa persoa coordinadora COVID19, o oportuno protocolo de illamento.



Deste xeito, a persoa participante que presente este tipo de síntomas deberá ser trasladada ao lugar de illamento previamente elixido para xestionar os supostos casos de COVID 19, que deberá contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.

Se na actividade se conta con persoal enfermeiro, deberá ser este o que realice unha primeira atención con máscara facial FFP2 e quen se encargue de realizar unha primeira intervención con todas as medidas de prevención e seguridade sanitaria precisas.

Unha vez confirme os síntomas deberá poñerse en contacto co número de teléfono 900 400 116, ou 061 no caso de existir sintomatoloxía severa, para trasladar toda a información do caso e esperar instrucións.

Así mesmo, avisarase tamén ao pai/nai/titor legal da persoa participante, aos que se terá plenamente informados do avance da situación, así como da decisión que finalmente tomen as autoridades sanitarias.

O persoal monitor encargado do subgrupo no que estivese a persoa participante, en colaboración co persoal enfermeiro se o houbese, encargarse de revisar o círculo de contactos estreito do grupo do neno/a posible afectado/a, co fin de manter unha corentena preventiva mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19.

Se finalmente se confirma un caso positivo por COVID-19, a persoa coordinadora COVID19 poñerase en contacto coa Xefatura Territorial de Sanidade para dar parte da situación.

A persoa participante deberá abandonar a actividade e será recollida, así como todos os seus útiles, polo pai/nai ou titor legal. A persoa participante deberá permanecer na sala de illamento ata que non sexa recollida polos seus responsables.

Os contactos estreitos tamén deberán abandonar o campamento, e serán recollidos polo pai/nai ou titor legal.

Se houbera imposibilidade de desprazamento ao lugar de orixe por ser este nun transporte colectivo ou por calquera outro motivo, o pai/nai ou titor legal desprazarase ao lugar onde se atopa o campamento para recoller o menor e, no seu caso, realizar o período de illamento ou corentena fóra da instalación xuvenil, co seguimento adecuado polas autoridades sanitarias, ata que poidan volver á súa residencia habitual.

En todo momento se seguirán as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.

Por último, haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección dos espazos e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos

ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

Así mesmo, e ademais de contar coas pertinentes e habituais autorizacións, nos campamentos con pernoita comunicarase previamente con antelación suficiente, ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia na zona na que se sitúe o campamento, a previsión de realización deste, con datas, situación e número de asistentes, co fin de coordinar de forma adecuada calquera incidencia en relación coa saúde durante a estancia, e especificamente todo o relacionado coa xestión dos posibles casos ou contactos de COVID-19.

3.2. Formación e información

Toda entidade, asociación ou administración que desenvolva actividades de educación non formal, ocio educativo ou tempo libre debe prestar especial atención á formación do equipo técnico, posto que será o encargado de velar polo correcto funcionamento da iniciativa.

Deste xeito, será competencia da organización asegurar que o seu persoal, tanto contratado como persoas voluntarias, teñan os seguintes coñecementos e formación básica:

- Formación para adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento físico, emprego de máscara, ventilación dos espazos pechados, vías de transmisión do SARS-



CoV-2, síntomas máis frecuentes, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico máis estreito e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo.

- Formación sobre as medidas hixénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcolico, a colocación correcta da máscara, etc. Neste sentido, o equipo de monitorado será o encargado, tras recibir a formación oportuna, de ensinarlle aos rapaces e rapazas, o primeiro día de actividade, todos estes procedementos.
- No caso de desenvolvemento de campamentos de varios días, sexan con pernoita ou non, a persoa coordinadora debe coñecer adecuadamente o protocolo de actuación e os mecanismos de coordinación establecidos coas autoridades sanitarias no lugar onde se organiza a actividade de tempo libre ou o campamento.

Así mesmo, a administración autonómica facilitará o coñecemento dos protocolos ou guías oficiais que se desenvolvan para o sector da educación non formal, o ocio educativo e o tempo libre, co obxectivo de favorecer esta formación.

Ademais das ferramentas formativas para os profesionais do sector, a organización da actividade tamén debe manter unha canle de información e

comunicación previa coas persoas mozas participantes e cos pais/nais ou titores legais no caso de ser menores de idade.

Antes do comezo da actividade, e por tanto antes de asinar a declaración responsable, as persoas participantes deben coñecer como se levaron a cabo as adaptacións das diferentes dinámicas, cales son as medidas hixiénico-sanitarias persoais e nos espazos, así como os protocolos a seguir durante a actividade.

3.3. Configuración dos grupos na actividade

A configuración dos grupos na actividade deberá respectar as limitacións establecidas polas autoridades sanitarias que resulten de aplicación atendendo á zona na que se vaian desenvolver as actividades.

Neste sentido atenderase ao disposto na normativa que se publique nos boletíns oficiais e se respectarán as restricións que, no seu caso, se vaian establecendo para a realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil en cada ámbito territorial.

Así mesmo, no caso de actividades levadas a cabo por entidades, asociacións ou empresas do sector do tempo libre, tentarase que a inscrición na actividade poida realizarse de xeito telemático. No caso das administracións, esta deberá adecuarse á normativa vixente neste eido.

No caso de participación de nenos/as ou mozos/as con discapacidade na actividade, reforzaranse as ratios de atención se se considera necesario e prestarase especial atención ás medidas de prevención e hixiénico-sanitarias de carácter persoal, tendo en conta aqueles supostos que eximen da obrigatoriedade de portar máscara por parte da persoa con discapacidade.

3.4.Actividades ao aire libre

Á hora de realizar as actividades específicas da programación, tentarase que estas se leven a cabo en espazos ao aire libre. De non ser posible, nas accións en espazos pechados débese poñer especial atención ao distanciamento físico de 1,5 metros e ao emprego de máscara. Así mesmo é preciso realizar unha correcta ventilación do dito espazo, tal e como se indica no punto 4, priorizando aqueles espazos con maior amplitude para favorecer o distanciamento interpersoal.

4. MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN

Neste punto do documento diferenciarase entre as medidas e recomendacións hixiénico-sanitarias e de prevención fronte á COVID-19 asumidas polas persoas, así como as que se deben implantar nas instalacións ou espazos nos que se leve a cabo a actividade².

4.1. Medidas persoais

Ademais de presentar a declaración responsable antes do inicio da actividade e cumprir coa obriga de non asistir a esta se se dera calquera das situacións enumeradas neste documento que dan lugar á non admisión na actividade, tanto o persoal monitor como as persoas participantes na actividade deberán seguir unha guía de pautas persoais de hixiene e prevención cada día da actividade.

Para favorecer a asimilación, comprensión e compromiso dos nenos/as e mozos/as participantes, o primeiro día organizarase unha dinámica lúdica-formativa, adaptada á franxa de idade, para que os nenos/as e mozos/as coñezan as diferentes medidas de prevención, hixiénico-sanitarias e os distintos protocolos que se deben seguir. Incidirase na propia hixiene persoal e no protocolo de detección: ante calquera síntoma vinculado coa COVID-19, será necesario que o comuniquen canto antes ao seu monitor de referencia (punto 3.1.2).

² Información de interese: <https://rse.xunta.gal/index.php/es/component/k2/item/8692-disponible-para-a-sua-descarga-a-guia-de-recomendacions-de-saude-laboral-ante-o-coronavirus>



De xeito xeral, estas son as recomendacións persoais de hixiene e prevención:

- Manter a distancia interpersonal de seguridade sempre e cando sexa posible, priorizando aquelas actividades que faciliten este distanciamento. Aínda que se garanta a distancia interpersonal, o emprego de máscara será obrigatorio naquelas actividades que se realicen en espazos pechados, tanto por parte do persoal monitor como das persoas participantes, segundo o establecido no punto 1.4 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O equipamento necesario do persoal monitor será subministrado pola organización encargada da actividade. No caso dos nenos/as participantes, estes deben traer a súa propia máscara á actividade, salvo que os promotores das mesmas acorden un sistema diferente coas familias e/ou os mozos/as.

- Nos campamentos con pernoita ou de duración de todo o día, na medida do posible, recoméndase o cambio de máscara polo menos dúas veces ao día. Se se usan máscaras hixiénicas reutilizables, débese dispoñer de polo menos dúas para cada día, establecendo unha rutina para garantir a súa adecuada recollida nunha bolsa tras o seu uso ata a finalización do campamento. Outra alternativa é asegurar que se laven a máquina seguindo as especificacións técnicas das mesmas. De non dispoñer desta



información, lóvanse con deterxente normal a máis de 60° C só se hai dispoñibilidade de lavado a máquina.

- Realízase hixiene de mans frecuente e meticulosa, polo menos á entrada e saída de cada actividade, antes e despois de usar materiais compartidos, antes de comer, e sempre despois de ir ao aseo. Recoméndase priorizar a hixiene de mans con auga e xabón. Débese realizar durante polo menos 40 segundos con auga e xabón e, se non é posible, pódese utilizar durante 20 segundos solución hidroalcohólica. Cando as mans teñen sucidade visible, o xel hidroalcohólico non é suficiente e é necesario usar auga e xabón.
- Ao tusir ou esbirrar, non retirar a máscara e cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Usar panos rexeitables para eliminar secrecións respiratorias e tiralos tras o seu uso a unha papeleira con bolsa e a poder ser con tapa e pedal, facendo unha posterior hixiene de mans.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca
- Evitar coller pertenzas alleas, así como o material do monitorado. Así mesmo, o monitorado procurará non compartir os seus medios particulares de traballo, tales como ordenadores, móbiles ou papelería. De ser necesario facelo, procederase a desinfectar o material posteriormente.



- A roupa dos nenos/as debe ir embolsada de xeito individual para facer a muda cada día, recollendo a roupa usada na mesma bolsa unha vez baleira, e pechándoa ben.
- O uso de luvas non é recomendable de forma xeral, salvo nas tarefas de limpeza.

4.2. Medidas nas instalacións e espazos

En xeral, nos espazos e instalacións pechadas onde se desenvolvan as actividades e a convivencia dos participantes deberase extremar a limpeza e as medidas de prevención en zonas comúns, comedores ou espazos similares, lavabos e duchas, habitacións/tendas de campaña e salas interiores.

Neste apartado existen unha serie de recomendacións comúns, aplicables en función do tipo de actividade, e unhas recomendacións máis específicas para aquelas actividades de facer noite, tanto en instalacións fixas (albergues xuvenís, residencias, etc.) como móbiles (tendas de campaña).

4.2.1. Recomendacións comúns

- Eliminaranse os mobles e utensilios que non sexan precisos dos espazos nos que se realizará a actividade.



- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade: sinalizacións en canto a distancias de seguridade, sentidos de circulación, localización, espera de quenda.
- Procederase a desinfectar o material empregado polos participantes antes dun novo uso.
- Existirán dispensadores de xel en todos os espazos comúns e haberá persoas encargadas de supervisar que sempre estean cheos.
- Procurarase retirar os mobles e utensilios que non sexan precisos dos espazos nos que se realizará a actividade.
- Deberá extremarse a limpeza, prestando especial atención ás superficies de contacto máis frecuente como pomos de portas, pasamáns, billas, etc, utilizando para iso desinfectantes como solucións de lixivia (1:50) acabada de preparar ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados.
- Manter a ventilación dos aseos permanentemente e indicar que os inodoros se descarguen coa tapa pechada. Limpar varias veces ao día os aseos.
- Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo.



- As papeleiras deben ser con tapa e apertura de pedal e deben estar distribuídas por todo o edificio.
- Os ascensores, de habelos, serán obxecto de limpeza continuada. O número de persoas que os utilicen debe ser aquel que permita manter a distancia de seguridade. Sempre se recomendará a utilización de escaleiras de forma preferente, cando sexa posible.
- Desinfectar as mans antes e despois do uso de máquinas que se activan ao tacto; e a limpeza debe ser especialmente exhaustiva nos puntos de contacto directo co usuario.
- Os dispensadores de auga empregaranse extremando as medidas de hixiene. En ningún caso se pode beber directamente das billas.
- No caso de facilitar comida aos participantes por parte da organización, esta deberá distribuírse en bolsas pechadas ou ben adecuarse ás normas que sexan aplicables para aquelas instalacións con cociña e comedor. A comida non poderá ser compartida.

4.2.2. Recomendacións específicas

Estas pautas están pensadas de xeito específico para aquelas actividades de facer noite, tanto en instalacións fixas como móbiles, nas que é preciso realizar unha limpeza máis específica en determinadas estancias.

Neste sentido, e antes do comezo da actividade, deberase realizar unha limpeza, ventilación e desinfección xeral previa en toda a instalación. Ademais, este proceso de desinfección e ventilación levarase a cabo tamén entre o remate e o inicio das sucesivas actividades si se trata de grupos distintos. Esta acción non substituirá, en ningún caso, á desinfección diaria dos espazos ocupados, cuxa limpeza se verá reforzada.

Manteranse as seguintes frecuencias de hixiene polas diferentes zonas:

- Superficies de maior uso. Asegurarase unha adecuada limpeza.
- Zonas comúns (salas, aulas...): limparanse como mínimo dúas veces ao día se son usadas.
- Cociña, comedor e similares (tipo merendeiros): despois de cada uso.
- Lavabos e duchas: deberase reforzar a limpeza e desinfección dos aseos, garantindo realizala como mínimo dúas veces ao día, despois dos momentos de maior uso (mañá e noite).



- **Habitacións:** recoméndase a máxima aireación posible como mínimo de 15 ou 20 minutos diarios ou durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Extremarase a limpeza nas portas, pomos, ventás, espellos, mesas e demais mobles da habitación. De ser posible, a lencería de cama será renovada, se o campamento dura 7 ou máis días a metade da quenda, e en todo caso ao finalizar cada quenda. Deberá someterse a un ciclo completo a unha temperatura de entre 60 a 90 grados. Correspóndelle a cada particular recoller a roupa sucia e gardala nunha bolsa pechada, evitando sacudila e procedendo á correcta hixiene de mans tras realizar esta tarefa.
- **Tendas de campaña:** limparanse de forma regular. Deberán estar debidamente ordenadas, coa necesaria ventilación. De ser posible, se o campamento dura 7 ou máis días a metade da quenda someterase a unha desinfección interna. A desinfección interna contempla as mantas e funda de almofada, así como as colchonetas. Tras o cambio de quenda realizarase unha limpeza exhaustiva que contemplará a desinfección interna de mantas (de habelas), funda de almofada e colchonetas. Empregaranse os produtos virucidas autorizados polo Ministerio de Sanidade, respectando sempre as indicacións da ficha de seguridade do produto utilizado.

É importante que os usuarios manteñan a súa estancia recollida para favorecer as tarefas de limpeza.



En todas as estancias comúns disporase de dispensadores de xel ou outra solución hidroalcolica, tal e como se indica nas recomendacións comúns.

De existir persoal de limpeza e cociña propio na instalación, ou subcontratado, este deberá seguir as medidas propias establecidas polas autoridades sanitarias competentes para o seu ámbito. Como pautas base, todas as súas tarefas deben realizarse con máscaras e guantes dun só uso e non portar ningún tipo de anel, pulseira, pendentes ou similar. Unha vez rematadas as tarefas deberán realizar unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, como indican as diferentes recomendacións hixiénicas dispoñibles na páxina coronavirus.sergas.gal, e mudar o seu uniforme de traballo.

Por último, para a recepción de mercancías habilitarase unha zona de descarga á que accederá o transportista, evitando tanto o contacto co persoal de cociña como o acceso e almacéns e cámaras. Unha vez o transportista marche, procederase á limpeza oportuna das embalaxes antes de ser trasladadas ao lugar de almacenaxe. Cando o material o permita, optarase por eliminar totalmente a embalaxe orixinal.

En todo caso, o responsable da instalación, de habelo, ou o máximo responsable da actividade, deberá velar porque non entre ao recinto ningunha persoa allea que non teña autorización previa para facelo.

Na organización dos servizos e actividades diferenciaranse os circuítos de servizos (limpeza, subministracións ou cociña) dos de participantes e actividades, para



evitar o contacto entre adultos dos servizos e os nenos/as participantes e monitorado.

4.2.3. Recomendacións específicas sobre ventilación

En canto á ventilación, deberanse ter en conta as características do espazo a ventilar, seguindo as seguintes indicacións:

- Preferirase a ventilación natural. Abriranse as ventás polo menos durante 15 minutos antes de entrar no local ou espazo de que se trate, incluso aínda que haxa ventilación mecánica. Repetirase coa frecuencia necesaria para permitir a renovación do aire. Recoméndase o uso da ventilación cruzada. Débese priorizar a ventilación natural por riba de aspectos como as condicións de temperatura e humidade necesarias para o confort térmico.
- No caso de que o espazo non dispoña de ventás e teña un sistema de ventilación centralizada debe subministrarse tanto aire exterior fresco como sexa posible: 12,5 l/s e ocupante (mínimo recomendable). Limitarase ao máximo a recirculación do aire interior.
- No caso de dispoñer de sistemas fancoils ou split (tipo cassette): recoméndase apagalos. Se non é posible, entón os seus ventiladores deben funcionar continuamente.
- Unicamente no caso de locais con dificultades para obter unha ventilación satisfactoria, recoméndase o uso de unidades portátiles equipadas con filtros de alta eficiencia HEPA, situadas nos espazos para tratar. É preciso que manteñan un índice de movementos hora significativo.



- Débese solicitar o asesoramento do persoal técnico encargado do mantemento dos sistemas de climatización co fin de garantir unha adecuada renovación do aire no local. Este persoal técnico mantedor debería estar acreditado a realizar mantementos segundo o RITE.

Se se seguiron as recomendacións sobre o aumento da achega de aire exterior, ausencia de recirculación e parada de recuperadores rotativos, non é esperable que haxa transporte nin existencia de virus na rede de condutos de achega que poidan contaminar ás estancias ás que atenden; polo que, con relación ao SARS-CoV-2 non é necesario facer a limpeza da rede de condutos.

Recoméndase substituír os filtros de aire de acordo co programa de mantemento xa establecido en cada edificio.

Máis información sobre sistemas de climatización do local está dispoñible na [guía do Ministerio](#)



5. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

Ademais de incrementar as medidas de limpeza e de prevención, tanto persoais como nas instalacións, é preciso levar a cabo unha revisión do aforo nos espazos, así como das propias actividades do sector do ocio e o tempo libre, co fin de adaptalos ao recomendado distanciamento físico por parte das autoridades sanitarias en todas as facetas da vida diaria. Neste sentido, diferenciamos dous tipos de medidas organizativas: na instalación/espazos e nas actividades.

5.1. Medidas organizativas nas instalacións e espazos

En relación co aforo máximo aplicable ás actividades do sector do tempo libre haberá que respectar as limitacións que se establezan polas autoridades sanitarias, atendendo ás posibles restricións específicas que resulten de aplicación no lugar onde se leven a cabo as actividades e que se vaian publicando nos distintos boletíns oficiais.

Tendo isto presente en todo momento, é conveniente analizar máis pormenorizadamente, a maiores do aforo, que recomendacións ou pautas organizativas se deben seguir nos espazos comúns e/ou compartidos das instalacións onde se desenvolven as actividades.

Neste sentido, no caso de actividades que se celebren en instalacións fixas ou móbiles, cómpre ter presentes as seguintes recomendacións para os diferentes espazos, de habelos:



- Zonas de comedor ou similares: non superarán o aforo que garanta a distancia mínima legalmente establecida entre comensais e respectando sempre as limitacións impostas polas autoridades sanitarias en cada momento e lugar. Os comensais, que se agruparán segundo o subgrupo ao que pertenzan, portarán máscara á entrada e saída do comedor e só poderán sacala no momento de inxerir alimentos. Se é preciso establecer quendas de comida para poder cumprir con este protocolo, deberán ser articuladas polo responsable da instalación/actividade. Debe retirarse das mesas calquera elemento decorativo e produtos de autoservizo, priorizando as monodosas dun só uso. É preciso priorizar o servizo de comida tipo buffet, polo que se deberá arbitrar un sistema de acceso que evite aglomeracións, así como a manipulación de aparellos de uso común. Será o propio persoal de cociña o encargado de manipular e servir, coa axuda do persoal técnico se fora necesario.
- Lavabos e duchas: o uso das duchas estará controlado polo monitor de cada grupo, de existir varios subgrupos na actividade. Estableceranse quendas de mañá e de tarde para evitar unha ocupación elevada e facilitar tamén a súa correspondente limpeza tras o seu uso. Se a instalación é un albergue xuvenil ou similar, procurarse facer uso dos mesmos lavabos en función da habitación/pavillón no que se estea aloxado.
- Habitacións: na ocupación das habitacións garantirase sempre unha distancia entre camas de 1,5 metros. No caso de liteiras, ocuparse unha



soa cama por liteira. No momento da pernoita non será preciso o emprego de máscara.

- Tendas de campaña: reducirase o aforo da tenda de campaña polo menos ao 50%, mantendo a distancia interpersoal, se se trata de persoas participantes que non compartan convivencia. En todo caso, procurarase que ningún neno/a durma só nunha tenda de campaña e os agrupamentos nas tendas faranse do mesmo xeito que nas actividades. No caso de familias, si estará permitido que compartan a mesma tenda de campaña.
- Durante o tempo que os participantes estean dentro das tendas sen durmir (falando, recollendo, ...) deberán levar posta a máscara.

5.2. Medidas organizativas nas actividades

Dun xeito xeral, as actividades de ocio educativo e tempo libre son espazos de diversión, de formación, e tamén de fondo espírito convivencial. Neste sentido, as programacións de actividades por parte de entidades, asociacións, empresas ou administracións soen ser interactivas e participativas para conseguir a integración e inclusión de todos os nenos e nenas e mozos e mozas participantes, combinada cunha forte compoñente de educación en valores.

A situación actual fai necesario replantexar as tradicionais programacións de anos anteriores e adecualas ás normas actuais de distanciamento interpersoal e de emprego obrigatorio de máscara. É preciso realizar unha aposta decidida pola



seguridade de participantes, monitorado e demais persoal técnico e voluntario, tratando de que a perda de calidade sexa a menor posible.

Para dar cumprimento a estas máximas, plantéxanse as seguintes pautas antes, durante e despois das actividades:

- Procurarase establecer unha recepción e recollida escalonada de participantes á actividade, fixando unha franxa horaria ou ben mediante cita previa. Evitaranse aglomeracións nos accesos, realizando a incorporación e a recollida de xeito ordenado e gardando a distancia de seguridade mínima de metro e medio. Na medida do posible, se o participante é menor de idade deberá vir acompañado unicamente por unha persoa responsable (pai/nai/titor legal). O mesmo criterio será de aplicación para a súa recollida.
- A organización das persoas participantes en subgrupos deberá respectar as limitacións aprobadas polas autoridades sanitarias neste sentido, e que resulten de aplicación no ámbito territorial no que se leven a cabo as actividades. En todo caso, nas actividades de tempo libre para a poboación infantil e xuvenil establecerase unha metodoloxía de traballo de grupo burbulla para evitar o contacto entre os diferentes grupos que compoñen, de xeito xeral, a actividade.



- Os participantes deberán realizar o correspondente lavado de mans con auga e xabón ao comezo e remate de cada actividade. Se isto non é posible, empregarase xel hidroalcolico.
- En todo caso, e aínda que se garanta a distancia interpersonal, o emprego de máscara será obrigatorio naquelas actividades que se realicen en espazos pechados, tanto por parte do persoal monitor como das persoas participantes, segundo o establecido no punto 1.4 do anexo I da Orde *do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Cómpre destacar que, en virtude da citada Orde, a obriga de uso de máscara non será exigible nas praias, piscinas, lagos, encoros, ríos ou outras zonas de baño, durante o baño, e mentres se permaneza nun espazo determinado, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non convivintes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas, lagos e demais contornos acuáticos, así como para o uso de vestiarios de piscinas públicas ou comunitarias, salvo nas duchas, cando non se poida manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros entre persoas non convivintes.

En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas, lagos e demais contornos



acuáticos, así como para o uso de vestiarios de piscinas públicas ou comunitarias, salvo nas duchas, cando non se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre persoas non convivintes.

- O uso de guantes non é recomendable de xeito xeneralizado, só para casos particulares, como a manipulación de alimentos que van ser consumidos en cru, por exemplo.
- Procurarase que cada participante teña material de uso individual, non compartido. Se isto non fose posible, tras cada uso e antes de ser utilizado de novo por outra persoa, este material deberá desinfectarse ou hixienizarse de xeito adecuado.
- No caso de realizar excursións polos arredores, débese limitar no posible os espazos moi concorridos e con moita afluencia de persoas, respectando a configuración dos subgrupos e extremando as precaucións. Nas actividades que contemplan pernoita, evitar no posible a realización de excursións e, no caso de que teñan lugar, extremar tamén as precaucións.
- Priorizaranse os desprazamentos a pé durante as actividades.